

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA  
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O XOVES, DÍA 9 DE XUÑO DE  
2016**

---

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 13:00 horas do xoves día 9 de xuño de 2016, coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.
- 2) Informe do Director
- 3) Execución do presuposto de 2015
- 4) Presuposto da Escola de 2016
- 5) Calendarios Académicos
- 6) Acreditación EURACE
- 7) Título propio da UdC “Máster en Enxeñaría de Estruturas e Materiais Aeroespaciais”: renovación da unidade académica responsable
- 8) Transformación do título propio “Máster en Enxeñaría de Estruturas e Materiais Aeroespaciais”: solicitude do título oficial de Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica da UDC
- 9) Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SEÑORES:**

**PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE**

Álvarez García	Julia
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Jácome Burgos	Alfredo
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Paris López	José

Pena Mosquera	Luis
Pérez Pérez	Ignacio
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Rodríguez Bugarín	Miguel Domingo
Taboada Vázquez	Raquel
Toledano Prados	Mar
Varela García	Francisco Alberto
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel

**RESTANTES CATEGORÍAS PDI**

González Taboada	Iris
Rodríguez Pasandín	Ana María
Soage Quintáns	Manuel Andrés

**ESTUDANTES**

Brandón Basdediós	Óscar
Chao Valle	Laura
Dacosta Tapia	Jorge
Espasandín Lacalle	Raúl
Rojo López	Gemma
Sañudo Costoya	Esteban

**PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Recarey Buño	María José
Rodríguez Fernández	Alejandra
Roel Vilas	María Pilar
Romero Rozas	Rubén
Valcarcel Cortiñas	María Carmen
Vázquez González	Julia

**EXCUSAN**

Acinas García	Juan Román
Anta Álvarez	José
Casteleiro Maldonado	Manuel
Cea Gómez	Luis
Díaz García	Jacobo Manuel
Gómez Díaz	Héctor
Hernández Ibáñez	Santiago
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Montenegro Pérez	Luis
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novales Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Padilla Benítez	Francisco
Peña Gonzalez	Enrique
Martínez Díaz	Margarita

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

### **1. Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.**

Apróbanse

### **2. Informe do Director**

O Subdirector comeza o informe explicando que se aprobou a modificación do grao en TECIC no mes de abril. Tras isto, fixéronse os cambios de PDA, tamén se convocou unha reunión cos estudantes para explicar os cambios.

Non houbo cambios en persoal, aínda que haberá baixas nos próximos meses polas xubilacións de César García Cordovilla e Antonio Fernández Garitaonandía. Tamén hai unha baixa da conserxe da Escola. Comenta tamén que no edificio de área científica se tardou en cubrir a conserxería.

Todos os anos no acto de Santo Tomás de Aquino hai premios de fin de carreira da UDC. E non están contemplados premios para estudantes de Máster. Trasládouse este problema á reitoría.

Respecto ó tribunal de avaliación por compensación, o tribunal mostrou xa varias veces sobre como funciona esta normativa, e estase a traballar na modificación dese regulamento.

No mes de marzo realizouse a XXV edición do Intercamiños con sede na cidade da Coruña, felicita ós estudantes da Escola que o organizaron.

Informa sobre as actividades de difusión da Escola que se fixeron durante este último ano, 30 visitas a centros, 6 visitas guiadas ó CITEEC. Visitas á Escola (organizado polo SAPE) un total de 18. Participación en 7 feiras de educación. Agradece a colaboración de todas as persoas que colaboraron.

### **3. Execución do presuposto de 2015**

O Director mostra o documento de resumo de execución presupostaria do ano 2015. Destaca que o ano pasado houbo unha redución do 35% do presuposto. Pese a estas reducións foi posible ir funcionando. Non houbo novas adquisicións en laboratorios e algúns dos fondos bibliográficos (revistas ás que escola está subscrita) puideron seguir recibíndose grazas á FICGA.

Apróbase

### **4. Presuposto da Escola de 2016**

Explica o documento que se remitiu detallando que a primeira proposta da reitoría incluía a mesma redución do ano anterior do 35%. Negociouse este presuposto ata acadar a proposta que se enviou.

Apróbase

### **5. Calendarios Académicos**

O Director presenta a proposta de calendario, pasa a palabra ó profesor Aitor Baldomir, xefe de estudos. El explica a proposta que sigue as directrices de anos anteriores e que ven funcionando de maneira normal.

O Director indica que no primeiro curso do Máster de Enxeñaría de Camiños, hai un retraso do comezo para facilitarlles a incorporación aos estudantes dos graos da Escola. Isto débese a que a convocatoria en setembro é habitualmente utilizada para a presentación de TFG. Existe unha proposta de organizar o cuadrimestre en lugar de 15 semanas con 20 h semanais, pasalo a 12 semanas con 25 horas por semana.

Continúa o profesor Aitor Baldomir, quen comenta tamén que lle chegou a proposta de eliminar un día de actividades académicas. Intervén o estudante Jorge Dacosta, indicando que considera positiva a existencia de este horario. Manterase un día de actividades académicas nos xoves.

O acto de despedida de promoción será o venres día 16 de decembro.

Apróbase

### **6. Acreditación EURACE**

O Director explica que esta acreditación que xa se solicitou e vai un paso mais alá que as acreditacións habituais. Nesta acreditación se avalía tamén desde unha perspectiva profesional. Nas acreditacións que acaban de pasar quería pedir pero non foi posible nese momento.

Solicita que cando sexa o momento de acreditar o Máster, se solicite para o Máster e para os dous graos a acreditación EURACE.

Apróbase

### **7. Título propio da Udc “Máster en Enxeñaría de Estruturas e Materiais Aeroespaciais”: renovación da unidade académica responsable**

O Director explica que é preciso renovar a vinculación e adscrición deste título propio á Escola.

Apróbase a renovación.

**8. Transformación do título propio “Máster en Enxeñaría de Estruturas e Materiais Aeroespaciais”: solicitude do título oficial de Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica da UDC**

Explica o Director que a ACSUG validou un grao en enxeñaría aeroespacial na universidade de Vigo. A continuación explica a vinculación da Escola coa disciplina de enxeñaría aeronáutica e as importantes instalacións que están dispoñibles no CITEEC. A intención da Escola sería contar co apoio do sector profesional.

Propón que se constituía unha comisión de traballo que comece a traballar en esto. Serían o Director, Xefe de Estudos, tres profesores da Escola, un estudante e un membro do sector de Persoal de Administración e Servizos.

Apróbase

**9. Quenda aberta de palabra**

Intervén o estudante Jorge Dacosta, respecto á publicación das notas pedindo que se respecten os peches de actas e que se comuniquen de maneira telemática as notas.

Intervén a profesora Mar Toledano, quen indica que se debería considerar incluír tamén a unha persoa da área de Ciencia e Enxeñaría de Materias.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 12:52 horas do xoves 9 de xuño de 2016.

**Vº. Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**